

Nota de prensa

Nova causa solidaria do seu programa Céntimos Solidarios

EROSKI E OS SEUS CLIENTES AXUDAN A MULLERES E MENORES VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO

- Colabora a prol da Fundación Ana Bella e do Fondo de Bolsas Soledad Cazorla para axudar as mulleres e menores vítimas da violencia de xénero
- *Céntimos Solidarios* é o programa permanente de EROSKI co que os seus clientes poden realizar doazóns a diferentes causas sociais elixidas tras unha escoita a máis de 3.500 Socios-Cliente

Elorrio, 8 de marzo do 2021.- [EROSKI](#) puxo en marcha, no marco do seu programa *Céntimos Solidarios*, unha nova causa de colaboración solidaria para axudar as mulleres e menores vítimas da violencia de xénero en colaboración coa [Fundación Ana Bella](#) e co [Fondo de Becas Soledad Cazorla](#). Esta campaña, que comeza hoxe coincidindo coa celebración do día internacional da muller, estenderase ata o 24 de marzo. As doazóns recadadas por EROSKI e os seus clientes serán destinadas a estas dúas entidades para reforzar e manter activos o apoio e asesoramento a máis de 382 mulleres e menores vítimas da violencia de xénero.

"A violencia de xénero e os feminicidios son a manifestación máis grave da desigualdade entre homes e mulleres. En España, dende o 2003 contabilizáronse máis de 1.079 mulleres vítimas mortais, e dende o 2013 foron 304 os nenos e nenas que quedaron orfos por esta causa. Só 1 de cada 5 mulleres maltratadas recibe axuda; as outras, máis de 1.500.000 mulleres, son invisibles porque non rachan co silencio. Os fillos e fillas das vítimas conviven nun ambiente hostil, son testemuñas e sofren o maltrato directa e indirectamente. E a Covid-19 supuxo unha barreira que dificulta aínda máis estas situacións. Por iso en EROSKI, a carón dos nosos clientes e clientas, queremos colaborar coa Fundación Ana Bella e co Fondo de Bolsas Soledad Cazorla, para que xuntas poidan axudar o maior número posible de mulleres e menores vítimas achegándolles todo o apoio que precisan", explicou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

A Fundación Ana Bella e o Fondo de Bolsas Soledad Cazorla son exemplos de entidades sen ánimo de lucro que fan un acompañamento emocional e traballan coas mulleres superviventes para que se empoderen cun traballo digno e apoian e acompañan o desenvolvemento educativo dos orfos e orfas.

"A través da empatía, o amor e a sororidade da nosa rede de mulleres superviventes, detectamos as vítimas invisibles, xeramos confianza para que rachen co silencio, acompañámolas ata os recursos públicos e finalmente apoiámolas no seu proceso de empoderamento persoal para que superen a violencia en positivo, non como vítimas senón como superviventes. Coa axuda de organizacións como EROSKI podemos seguir co noso labor de apoio a todas aquelas que nos necesitan", comentou Ana Bella, impulsora da Fundación Ana Bella.

"Querémoslle agradecer a EROSKI o seu apoio para poder poñer á disposición das vítimas e das súas familias as bolsas que ofrecemos. Cando hai un asasinato de violencia de xénero, os fillos e fillas da vítima quedan a miúdo invisibilizados e esquecidos, o que dificulta que teñan a protección e reparación do dano axeitada por parte da administración pública. Os orfos e orfas e os seus familiares en moitas ocasións quedan desamparados, sen información e asesoramento sobre os pasos que tomar, e sen espazo para o do", sinalou Marisa Soletto, directora da Fundación Mulleres e responsable da Secretaría Técnica do Fondo de Bolsas Soledad Cazorla.

Céntimos Solidarios, apoio a diferentes causas sociais

EROSKI estreou o seu programa permanente Céntimos Solidarios o 5 de novembro. Ata o momento destinou a recadación a diferentes proxectos solidarios, colaborando cos Bancos de Alimentos para lles proporcionar produtos de alimentación ás familias en situación de vulnerabilidade, con UNICEF, Médicos Sen Fronteiras e ACNUR para axudar á vacinación infantil en países en vías de desenvolvemento e coa Federación Española de Pais con Nenos con Cancro (FEPNC) para que poidan reforzar as súas actividades na loita contra o cancro infantil, entre outros proxectos.

Os clientes de EROSKI poden facer unha pequena doazón á causa benéfica que estea en marcha en cada momento ao pagaren a súa compra con tarxeta ou móbil. A achega, sempre voluntaria e confidencial, é unha pequena cantidade simbólica de 10 céntimos para compras entre 5 e 30 euros, e de 20 céntimos para compras superiores a 30 euros.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

As organizacións solidarias receptoras destas axudas cambian de forma periódica e a súa elección responde ás necesidades sociais existentes en cada momento e ás preocupacións transmitidas por máis de 3.500 Socios-Cliente. Entre elas, haberá ao longo de 2021 entidades que traballen pola infancia, polas persoas en risco de exclusión social, na loita contra o cancro, polas persoas con discapacidade ou con enfermidades raras e polo medio natural.

"O programa Céntimos Solidarios é unha ferramenta moi eficaz para que os nosos clientes poidan canalizar dunha maneira sinxela o seu compromiso coas distintas causas sociais. É un programa permanente a través do que apoiaremos a distintas entidades, de distintos eidos, sempre co denominador común de axudar aos colectivos máis necesitados", sinalou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI.

Dende os seus inicios, EROSKI leva a cabo múltiples iniciativas de acción social, principalmente relacionadas coa promoción dos hábitos de vida saudable, a formación ao consumidor, a defensa do medio natural e a solidariedade. No 2020, EROSKI doou máis de 9 millóns de euros en alimentos, produtos de necesidade básica ou achegas económicas a distintas entidades sociais, nun ano marcado pola crise social xerada pola COVID-19.

Sobre a Fundación Ana Bella

A misión da Fundación Ana Bella é a construción dunha sociedade igualitaria libre de violencia cara ás mulleres. Apoia as vítimas e os seus fillos e fillas para que rachen co silencio e volvan ser felices, as superviventes para que liberen o seu potencial como axentes de cambio e cocrean solucións eficaces con empresas e medios de comunicación.

Sobre o Fondo Bolsas Soledad Cazorla

O Fondo de Bolsas Soledad Cazorla ten como obxectivo apoiar no desenvolvemento persoal e educativo dos orfos e orfas da violencia de xénero e mais acompañalos e asesoralos ao longo de todo o proceso unha vez acontecido o crime.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)